



INDICADORES DE DEMOGRAFÍA EMPRESARIAL (3801_06_ AE05) METODOLOXÍA

1. Introducción

[Indicadores de demografía empresarial](#) é unha actividade estatística que elabora o Instituto Galego de Estatística (IGE) dende 2016 e con carácter anual.

O obxectivo desta actividade é proporcionar información agregada relativa ás empresas con actividade económica en Galicia (sen incluír o sector primario nin a administración pública), tendo en conta aspectos relativos ao dinamismo empresarial e aplicando unha metodoloxía acordada no ámbito da Unión Europea. Elabóranse indicadores relativos ao stock, nacementos, mortes e supervivencia das empresas a partir da explotación estatística do [Directorio de empresas e unidades locais](#).

2. Indicadores demográficos

A demanda de información sobre a creación e desaparición de empresas se está a utilizar nos últimos anos como unha ferramenta de análise económico e de políticas orientadas á creación de emprego.

Os conceptos clásicos dos movementos demográficos referidos á poboación pódense aplicar a outros fenómenos, como neste caso ás empresas, dando lugar ao que chamamos demografía empresarial.

A elaboración da demografía empresarial require dun rexistro xeral das empresas existentes nun momento determinado e dunha actualización periódica e sistemática, neste caso o Directorio de empresas e unidades locais do IGE.

2.1 Definicións:

1) Taxa bruta de natalidade empresarial (10^3)

Porcentaxe de empresas nadas no ano t por cada mil empresas, respecto ao total de empresas a principio dese ano.

Se considera que unha empresa nace ou se da de alta cando non existía antes en ningunha das provincias da comunidade (non se teñen en conta os cambios de sede social dentro da mesma comunidade)

2) Taxa bruta de mortalidade empresarial (10^3)

Porcentaxe de empresas que desaparecen durante o período por cada mil empresas respecto ao o número de empresas totais que existen ao principio do período.

Se considera que unha empresa desaparece cando deixa de ter actividade no total das provincias da comunidade.

3) Taxa de crecemento total (%).

Porcentaxe entre a variación neta de empresas (diferencia entres as altas e baixas) no ano t con respecto ao total de empresas ao principio dese ano.

4) Taxas de demografía empresarial por tamaño das empresas e por sectores (%).

Porcentaxes de nacementos, mortes e crecemento total de empresas segundo o seu tamaño e segundo os tres grandes sectores económicos (industria, construción e servizos).

Para o tamaño das empresas definidos segundo o número de asalariados, establécense os seguintes estratos:

1. Microempresas
 - a) de 0 a 2 asalariados
 - b) de 3 a 5
 - c) de 6 a 9
2. Pequena empresa
 - a) de 10 a 19
 - b) de 20 a 49
3. Mediana empresa
 - a) de 50 a 99
 - b) de 100 a 249
4. Gran empresa
 - a) de 250 a 499
 - b) 500 ou máis asalariados.

3. Indicadores de resultado

Ademais dos indicadores demográficos publícanse outra serie de indicadores de resultado que veñen marcados e definidos cunha metodoloxía acordada no ámbito da Unión Europea.

3.1 Definicións:

1) Tamaño medio das empresas e das PEMES con sede en Galicia. POR CONCELLO.

Este dobre indicador mide o tamaño medio das empresas e das PEMES activas no concello. O número de asalariados máis os autónomos entre o número de empresas.

2) Taxa de actividade emprendedora

O indicador mide a porcentaxe de poboación involucrada en iniciativas emprendedoras de menos de 42 meses de actividade, respecto da poboación activa.

A poboación involucrada en iniciativas emprendedoras aproxímase pola suma das persoas asalariadas máis as empresas con titularidade persoa física (autónomos).

A poboación activa de referencia para cada ano t calcúlase como a media da poboación activa da EPA do 4º trimestre do ano $t-1$ e o primeiro trimestre do ano t .

3) Taxas de supervivencia ano a ano

Mide a supervivencia do total das empresas creadas cada ano. Este indicador é o único que se elabora dende o ano 2000.

4) Taxa de supervivencia aos 4 anos

Este indicador mide a supervivencia a medio prazo (4 anos) das novas empresas creadas.

Nota: Considéranse as empresas altas no ano t e que seguen existindo no ano $t+4$ con independencia do que pase nese intervalo de tempo (é dicir que nese tempo puideran darse de baixa e de novo de alta).

Este indicador calcúlase para o total das empresas, para as PYMES (empresas con menos de 250 asalariados segundo o Anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión) e para os autónomos.

5) Tamaño medio do total de empresas e PEMES (teñan ou non sede en Galicia)

Este indicador mide o tamaño medio das empresas de das pequenas e medianas empresas (PEMES) activas, teñan ou non sede social en Galicia. O número de asalariados máis os autónomos entre o número de empresas. Dato para Galicia.